# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# INGLÉS

## CURSO 2021.22

## 4º ED. PRIMARIA

CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

# ÍNDICE:


- 1.- Introdución ..................... ........................................................................................ páx. 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave ................................................ páx. 2
- 3.- Concreción para cada estándar: ........................................................................................ páx. 3
  - Temporalización
  - Grao mínimo de consecución para superar a materia
  - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4..- Concrecións metodolóxicas ........................................................................................ páx. 8
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizar .......................................................páx. 10
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación............................................................... páx. 11
- 7..- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente ........................ páx. 13
- 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, De ser o caso.......................................................................................................................... páx. 13
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ........................................................................... páx. 14
- 10.- Medidas de atención á diversidade ........................................................................... páx. 14
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso .................................... páx. 16
- 12.- Actividades complementarias .................................................. páx.16

## 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvolvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa.
Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.
Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.
A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

## 2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A distribución das competencias por estándar está reflectido no punto 3 da programación.
As competencias claves traballaranse na área de lingua estranxeira do seguinte xeito:

A competencia da comunicación lingüística (CCL); sen dúbida é a competencia que máis se desenvolve nesta área, traballando a diversidade da lingua inglesa, as súas funcións así como vocabulario, gramática e léxica a través de actividades orais e escritos.
A competencia de aprender a aprender (CAA) neste nivel traballarase dun xeito progresivo, comezando pola motivación de aprender, espertando as curiosidades do alumnado e co fin de converter o alumnado no protagonista do seu propio aprendizaxe.
A competencia social e cívica nesta área traballarse mediante a comprensión doutras culturas, idiomas e sociedades.

## 3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:
Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN** **Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 4º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B1.2 | 4º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B1.2 | 4º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | | | | | INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Caderno de clase. | |
| PLE-B1.3 | 4º-PLEB1.5 - Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CSC |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 4º-PLEB2.1 - Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B2.2 | 4º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL |
| PLE-B2.2 | 4º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CSC |
| PLE-B2.3 | 4º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | dramatizacións). | | | | | | |
| PLE-B2.4 | 4º-PLEB2.8 - Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CSC |
| PLE-B2.4 | 4º-PLEB2.9 - Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 4º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B3.1 | 4º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B3.2 | 4º-PLEB3.3 - Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.2 | 4º-PLEB3.5 - Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PLE-B3.3 | 4º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.3 | 4º-PLEB3.8 - Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CSIEE |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.2 - Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.1 | 4º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.2 | 4º-PLEB4.5 - Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales | Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar | | | | | | |
| PLE-B4.2 | 4º-PLEB4.6 - Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.3 | 4º-PLEB4.7 - Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL CD CSC |
| PLE-B4.8 | 4º-PLEB4.10 - Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL CAA |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.1 | 4º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL CAA CSC |
| PLE-B5.2 | 4º-PLEB5.2 - Amosa | | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | | | | | INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CSC |
| PLE-B5.4 | 4º-PLEB5.4 - .Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Rexistro anecdótico (anecdotario). Caderno de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.5 | 4º-PLEB5.5 - Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas | | X | X | | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B5.6 | 4º-PLEB5.6 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ). | | | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.7 | 4º-PLEB5.7 - Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase. | CCL<br>CSC |
| PLE-B5.8 | 4º-PLEB5.8 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |
| PLE-B5.9 | 4º-PLEB5.9 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que | | X | | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | achegan información.. | | | | | | |
| PLE-B5.10 | 4º-PLEB5.10 - Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.13 | 4º-PLEB5.13 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | XESTIÓN INSTRUMENTOS E TRIMESTRESAGRUPAR POR TIPOComprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). Caderno de clase. | CCL<br>CAA |

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área** Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Comprensión de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B1.1 | 5º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B1.2 | 5º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. | | | | | | |
| PLE-B1.2 | 5º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL CD CAA |
| PLE-B1.3 | 5º-PLEB1.5 - Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL CSC |
| **Bloque 2: Producións de textos orais** | | | | | | | |
| PLE-B2.1 | 5º-PLEB2.1 - Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |
| PLE-B2.1 | 5º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás | | X | X | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Rexistro | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | habituais. | | | | | anecdótico (anecdotario). | |
| PLE-B2.2 | 5º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CSC CCL |
| PLE-B2.2 | 5º-PLEB2.4 - Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL CD CSC |
| PLE-B2.3 | 5º-PLEB2.5 - Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. | | | X | | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL |
| PLE-B2.4 | 5º-PLEB2.8 - Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. | Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL CAA |
| **Bloque 3: Comprensión de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B3.1 | 5º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL CD |
| PLE-B3.2 | 5º-PLEB3.4 - Emprega | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora | | | | | alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CAA |
| PLE-B3.3 | 5º-PLEB3.6 - Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| PLE-B3.3 | 5º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CAA |
| PLE-B3.4 | 5º-PLEB3.8 - Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). Caderno de clase. | CCL<br>CSIEE |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | | | | |
| PLE-B4.1 | 5º-PLEB4.1 - Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | XESTIÓN INSTRUMENTOS E TRIMESTRESAGRUPAR POR TIPOElabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.1 | 5º-PLEB4.2 - Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B4.2 | 5º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Investigacións. | CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos). | | | | | | |
| PLE-B4.2 | 5º-PLEB4.4 - Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentacións e transmitir información escrita. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL CD CSC |
| PLE-B4.7 | 5º-PLEB4.6 - Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descricións de lugares, gustos ou afeccións) | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CAA CSIEE |
| PLE-B4.8 | 5º-PLEB4.10 - Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Caderno de clase. | CCL |
| **Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural** | | | | | | | |
| PLE-B5.2 | 5º-PLEB5.2 - Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ó traballo en grupo | Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ó traballo en grupo | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos. Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL CAA |
| PLE-B5.3 | 5º-PLEB5.3 - Inicia e remata as interaccións | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | adecuadamente. | | | | | INSTRUMENTOS: Producións orais. | CSC |
| PLE-B5.4 | 5º-PLEB5.4 - Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| PLE-B5.5 | 5º-PLEB5.5 - Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación. | | | | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B5.7 | 5º-PLEB5.7 - Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Caderno de clase. | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.8 | 5º-PLEB5.8 - Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións de si mesmo/a e doutra persoa. | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Caderno de clase. | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.9 | 5º-PLEB5.9 - Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | | X | | | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rexistro anecdótico (anecdotario). Caderno de clase. | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.10 | 5º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Producións orais. Outras probas específicas. Caderno de clase. | CCL |
| PLE-B5.12 | 5º-PLEB5.12 - Memoriza rutinas lingüísticas | | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. | CCL<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. | | | | | INSTRUMENTOS: Producións orais. | |
| PLE-B5.14 | 5º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Producións orais. Caderno de clase. | CCL<br>CAA |
| PLE-B5.13 | 5º-PLEB5.16 - Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima | | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario). | CCL<br>CSC |

## 4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

- Na actual lei educativa , LOMCE ( Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa) fala de que un dos aspectos que comprende o currículo é a metodoloxía que ven describir a práctica docente.
- Enténdese por metodoloxía segundo o Decreto 105/ 2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia o conxunto de estratexias , procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo , coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria , a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato sinala que os método didácticos elixiranse en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes nos que ten lugar a ensinanza.

**Actividade lectiva presencial.**

A metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, motivadora, activa e participativa. Deberá ser variada e adecuada ás características e a os ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Con carácter xeral, traballarase de xeito progresivo:
• Comprensión de textos orais.
• Produción de textos orais.
• Comprensión de textos escritos.
• Produción de textos escritos.
• Coñecemento da lingua e consciencia intercultural.

Traballarase principalmente co libro de texto GO! Activity pack da editorial Santillana- Richmond.

Dentro de cada sesión didáctica destacaremos tres momentos temporais diferenciados:

1. Fase de activación, orientada a captar a atención do alumnado a través de contos, xogos, cancións, rimas. Neste momento aproveitarase para facer o calendario do día. Nestes momentos traballaranse maiormente as destrezas orais.
2. Fase de dinamización, momento principal na que prodúcese a interacción entre alumno-alumno, alumno-profesor nel que se traballarán principalmente as destrezas escritas e producción oral..
3. Fase de reflexión (round up) nel que se reflexionará no aprendido.

**Actividade lectiva semipresencial.**

Nas sesións que non se poderán facer de forma presencial debido á pandemia do COVID-19, seguirase o mesmo ritmo que na clase e as mesmas estruturas, deixando ao alcance do alumnado, o material (audiovisual, escrito...) na aula virtual. No caso de ter alumnado na casa mentras os demais están na escola, as actividades estarán dispoñibles na aula virtual. Se ocurrira a necesidade, mandaríase un video das actividades orais.

**Actividade lectiva a distancia.**

A metodoloxía que se levará a cabo no caso de que a educación sexa non presencia consistirá en subir os contidos a aula virtual de xeito planificado, empregar o libro de texto dixital, realizar vídeos educativos para ter contacto co alumnado e solucionar algunha dúbida puntual, nunca como método para realizar clases online

## 5.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos a empregar serán os seguintes:

- Richmond GO! 4 Activity pack da editorial Santillana, Richmond.
- Material audiovisual da propia editorial.
- Material audiovisual online
- Contos en inglés non adaptados, contos adaptados e contos de elaboración propia.
- Flashcards
- Xogos interactivos
- Xogos de elaboración propia
- Fichas de reforzo, ampliación e control.
- Biblioteca do centro.
- Novas tecnoloxías ( tablets, ordenadores, robótica, radio escolar, páxinas webs…)
- Audios e videos interactivos.

## 6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

**O referente para avaliar** as aprendizaxes do alumnado son **os criterios de avaliación** e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación, que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Para levar a cabo o **proceso de avaliación teremos en conta:**

1. **Observación:**

- O **ritmo** de aprendizaxe.

- A **actitude** cara á aprendizaxe nas distintas actividades.
- A **participación** e o **interese** nas actividades propostas.

**Observación directa e diaria do alumno/a**, moi importante para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

- Rexistros anecdóticos

2. **Tarefas escritas**, calquera que recolla a información nun texto de forma escrita.

- Exercicios de repaso, reforzo ou ampliación.
- Caderno de clase
- Traballos de comprensión dun texto

3. **Produccións orais**:

- contos
- Cancións
- Presentación sobre os temas traballados
- Diálogos entre o alumnado.
- Asemblea

No caso de haber algunha avaliación suspensa polo carácter sumativo e continuo da mesma, darase por superada en canto se aprobe a avaliación seguinte.
Para a determinación da nota ordinaria ao final de curso, tomarase a nota da terceira avaliación ou unha máis alta que engloba a situación académico actual do alumn0/a.
No caso de decimais na nota, a partir do 0,5 redondéase al alza.
No caso dun exame fraudulento, o alumnado en cuestión terá que repetir a avaliación dos estándares.
Os instrumentos de avaliación empregados serán o rexistro anecdótico das produccións e a comprensión oral, probas específicas e a Observación dunha actitude positiva e interese de cara á lingua inglesa.

- 80% nota das probas escritas.
- 5% presentación de traballos persoais e libretas.
- 5% tarefas rematadas e correxidas.
- 5% elaboración de traballos e exposicións.
- 5% actitude, esforzo, participación diaria nas distintas actividades.

A avaliación farase de xeito ponderada, na que se avalían os estándares de aprendizaxe. Os

bloques avaliaranse cada trimestre do seguinte xeito:

| | | |
|---|---|---|
| 1. | Comprensión de textos orais | 25 |
| 2. | Produción de textos orais | 25 |
| 3. | Comprensión de textos escritos | 15 |
| 4. | Produción de textos escritos | 15 |
| 5. | Coñecemento da lingua e consciencia intercultural | 20 |

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

O alumnado non poderá superar a área se non teñen superados os mínimos da mesma.

**Avaliación non presencial:**

As probas poderán ser substituídas por fichas, tarefas, actividades interactivas… que deberán ser entregadas no prazo estipulado. Os criterios de cualificación serán os mesmos criterios que na avaliación ordinaria presencial agás nos estándares que se refiren á participación directa e oral nas actividades de aula

**REQUISITOS DE PROMOCIÓN**

1º- Se un alumno/a é avaliado negativamente nas áreas troncais de Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Galega e Literatura e Matemáticas non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

2º- Se un alumno/a é avaliado negativamente en tres áreas ou máis, sendo unha delas Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas, non poderá promocionar ao curso ou etapa seguinte.

## 7.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para a avaliación da práctica docente teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- Aprendizaxes alcanzados polo alumnado
- Grao de desenvolvemento da programación e adecuación ao alumnado
- Medidas de atención a diversidade aplicadas
- Clima de traballo na aula

- Coordinación co equipo de plurilingüísimo
- Nivel de produción oral da lingua estranxeira

## 8. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.

No caso do alumnado que comeza o curso coa área de lingua estranxeira suspensa, elaborarase un plan de recuperación detallando os **contidos a reforzar**, a **metodoloxía**, **materiais** e as diferentes métodos de **avaliación**. Este plan de recuperación será avaliada de forma trimestral.

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación incial desenvolverase no mes de setembro. Neste curso para a área de lingua estranxeira será de xeito observacional mediante xogos, actividades orais e cancións que permitirán establecer os coñecementos do alumnado ao comezo do curso.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

❑ **Para o alumnado con TDAH**

Empregaremos, entre outras, as seguintes técnicas:

➢ Aplicacións de técnicas cognitivas e de comportamento na aula, de forma que se maximice o seu rendemento e mellore a conduta.

➢ Elaboración dunhas normas claras e consistentes para todos, establecendo consecuencias positivas e negativas, unificando criterios entre o profesorado.

➢ Programación de actividades de reforzo e repaso.

➢ Estruturación das tarefas en tempos curtos e dosificalas, co fin de axudalos a rematalas.

➢ Programas de habilidades sociais.

- Pautas dadas polo Departamento de Orientación.

- Coordinación estreita coa familia para establecer pautas comúns e levar a cabo, no caso de ser necesario, estratexias de modificación de conduta.

❑ **Para o alumnado con necesidades educativas asociadas a Trastornos**

- Atención individualizada, basicamente nos conceptos matemáticos e na comprensión de textos.

- Preparación de actividades adaptadas ao seu ritmo.

- Programación de actividades de reforzo.

- Organización e planificación de tarefas con instrucións claras e sinxelas.

- Supervisión constante das tarefas.

- Fomentar a integración e a socialización.

- Traballar habilidades sociais, co fin de favorecer as relación interpersoais.

- Buscar fórmulas para axudarlles a canalizar as emocións, apoiando e motivando nos momentos de tensión e ansiedade.

❑ **Para o alumnado con altas capacidades**

- A realización de programas de enriquecemento curricular, adecuados ás necesidades do alumnado, que permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e estilo de aprendizaxe, así como daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

- A realización de programas de actividades de ampliación.

- Dar preferencia aos contidos relativos ao manexo da información, organización do traballo e facilitar o desenvolvemento do pensamento creativo.

- Reforzar as actitudes con todo o grupo, dirixidos á integración e mellora das relacións interpersoais.

- **Para o alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo**, adaptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Cando o desfasamento no seu nivel de competencia curricular é de máis de dous anos, poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería á súa idade.

- **Para o alumnado estranxeiro**

As características máis salientables son, en moitos casos, a falta de hábitos escolares e o desfase curricular que presentan e, moitas veces, a baixa motivación.

Deberanse ter en conta os seguintes aspectos:

- Programa de actividades de acollida.
- Atención individualizada.
- Actividades dirixidas ao desenvolvemento da linguaxe oral, vocabulario e linguaxe escrita.
- Adaptarse ao seu ritmo no proceso lecto-escritor e na adquisición de conceptos numéricos e matemáticos.
- Axustar as actividades ao seu nivel de competencias.
- Fomentar a súa integración e socialización.

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Partindo dos elementos transversais do curriculo traballaranse:

- Comprensión lectora (diferentes tipos de textos, textos adaptados,
- Expresión oral e escrita (cancións, rimas, poesias, asembleas, presentacións...)
- Tecnoloxías da información e da comunicación (creación de vídeos de presentación e contacontos, uso da radio, actividades online e uso da aula virtual...)
-

## 12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias nesta área serán as seguintes:

- Hallowe’en

- Christmas
- Easter
- 25N